



CONCELLO DE REDONDELA

Expediente núm.: 2805/2019

Procedemento: Organización Concello lexislatura 2019.

Delegación de Competencias Concelleiros/as

Para o coñecemento xeral e aos efectos oportunos, dase traslado da Resolución da Alcaldía 2021-1819 de data 30/07/2021, do tenor literal seguinte:

"ASUNTO. DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA CONCELEIRA IRIA VILABOA ÁLVAREZ.

Visto o artigo 21.3 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local publicada no BOE do 3 de abril e modificada pola lei 11/1999 de 21 de abril e pola lei 57/2003 de 16 de decembro de Medidas para a Modernización do Goberno Local. (LBRL) e 61.3 e 4 da Lei 5/97 de xullo da Administración Local de Galicia (LALGA), publicada no DOG do 5 de agosto.

No uso das competencias que me confiren os artigos 43 e 44 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), RESOLVO

1. Delegar especialmente na concelleira Iria Vilaboa Álvarez a dirección interna e a xestión en xeral, sen que poida resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, da área de Servizos Sociais, Persoas Maiores e Igualdade e Servizos Sociais comunitarios, inclúe os seguintes servizos:

- Servizos sociais e promoción social
- Asistencia social primaria
- Coordinación dos servizos relacionados coa Infancia
- Axuda no Fogar
- Igualdade e Conciliación
- dirección e coordinación do centro de información á muller (CIM)

2. Dar traslado da presente resolución á concelleira interesada, con indicación do réxime de recursos, sen prexuízo do seu carácter executivo desde o día seguinte ó do presente decreto, advertíndolle de que delegación deberá ser aceptada por ésta, pero transcorridos 3 días hábiles desde o seguinte ao da súa notificación, entenderáse tácitamente aceptada se non manifestara o contrario de xeito expreso diante desta Alcaldía,

3. Poñerse en coñecemento do pleno do Concello na primeira sesión que celebre, e publicaránse no Boletín Oficial da Provincia."

Documento datado e asinado electronicamente na marxe

